

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE XANEIRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e nove de xaneiro de 2025, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. ALCALDÍA.- Acórdase o nomeamento dun representante do Concello de Lugo no Padroado da Fundación Obra Social Abanca.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase aprobación do proxecto técnico na modificación puntual do PXOM no ámbito do URPI-58 (Costas do parque Rosalía de Castro).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prorroga do contrato dende 24 de marzo de 2025 ata o 23 de marzo de 2026 no expediente de contratación de subministración de materiais e repostos diversos para o mantemento e reparación dos vehículos e máquinas do Parque Móbil Municipal. Expte. Ref. 2022-C004-000029

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dun seguro de vehículos e maquinaria do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref 2024-C003-000039.

Así mesmo acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen

ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: ispac557149741763829923.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 29-1-2025

publicidade na contratación da cesión do dereito de uso da licenza para uso da aplicación informática "PORTALEMP" e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2025-C004-000002.

Acórdase a terceira e derradeira prórroga do contrato dende o 16-02-2025 ata o 15-02-2026 no contrato administrativo correspondente á contratación do servizo de transcripción de actas do Pleno e das Comisións do Pleno, que así o requiran, do Excmo. Concello de Lugo. Exp. ref.: 2021/C003/000040.

Do mesmo xeito, acórdase a 2ª e derradeira prórroga do contrato dende o 04/02/2025 ata o 03/06/2025 no contratación da subministración de produtos de limpeza (lote 2) no Fogar do Transeúnte. Exp. ref. 2024/C004/000008.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación do aluguer e mantemento de dez cabinas sanitarias a instalar en zonas verdes públicas e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C004-000001.

4. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para a renovación do compromiso de integración na rede de bibliotecas públicas de Galicia da Biblioteca Pública Municipal Isidro Novo de Lugo.

5. PERSOAL.- Acórdase declarar deserto o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de axudante/a cociña-limpeza incurso no suposto da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021 polo sistema de concurso reservada a discapacidade intelectual.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

6. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.- Acórdase aprobar o rexistro municipal de persoas vendedoras do Mercado de Frigsa 2025.

Tamén se acorda a aprobar a relación de persoas vendedoras do Mercado de Antigüidades 2025.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbans e concelleiro secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.